

PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES (FRANCÉS)

a. Como se fai o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Os contidos exixidos son os correspondentes os contidos do curso a recuperar. Os alumnos con francés suspenso deberán realizar tarefas e exercicios adaptados ás súas necesidades. Estes exercicios serán os mesmos ou parecidos ós do curso que suspenderon e sacados do libro do alumno ou do “cahier d’activités” Entregaránelles por trimestre, de tal xeito que se os realizan correctamente conseguirán 3pts (1pt por trimestre) . O seguimento dos alumnos suspensos quedará reflectido na ficha do profesor e nas actas de departamento.

b. Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Todos os alumnos con francés suspenso do curso anterior, aparte de entregar os traballos mencionados anteriormente, teñen varias posibilidades para superar a materia:

-Presentarse ás probas de avaliacións cos alumnos do curso suspenso e se as superan terán a materia aprobada. Puntuarase segundo as normas do curso.

-Presentarse no mes de maio ao exame de pendentos con toda a materia. Terán que facer o exame de maio todos os alumnos que non se presenten por avaliacións, ou aínda presentándose non acadaron o aprobado. Con este exame conseguirán un 70% da nota xa que o outro 30% é o do traballo que entregaron por trimestre.

-Se se esforzan e superan a materia do curso superior, terán desta forma tamén aprobado o curso anterior que estaba suspenso

c. Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?

Entregando os exercicios solicitados e feitos correctamente conseguirán 3pts. O exame escrito puntuarase sobre 7.

d. Tipo de proba extraordinaria

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 7. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de: comprensión y expresión oral (1pt), unha de comprensión escrita (1pt), unha de expresión escrita (1pt) e outras sobre léxico, gramática e comunicación (4pts).

e. Como se cualifica

O 70% da nota é o exame escrito e o 30%, os exercicios entregados por trimestre. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior.